

No suposto de non formularse alegacións elevarase a definitivo o acordo inicialmente adoptado.

Begonte, a 18 de marzo de 2022.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José Ulla Rocha.

R. 0611

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2022, a modificación das Bases de execución do Orzamento municipal para o actual exercicio de 2022, no relativo á relación e importe das subvencións nominativas; en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ó público na secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo, os interesados, poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as que se dirixirán ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións o acordo inicial entenderase elevado a definitivo.

Begonte, a 18 de marzo de 2022.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José Ulla Rocha.

R. 0612

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 18 de marzo de 2022, o expediente de modificación de créditos núm. 3 /2022, (1º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de sesenta mil setecentos oitenta e cinco (60.785,00) euros , en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, a 18 de marzo de 2022.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José Ulla Rocha.

R. 0613

LUGO

Anuncio

RAFAEL JOSÉ DEL BARRIO BERBEL, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

Certifico que o día 30 xaneiro do 2020, o Pleno do Excmo. Concello de Lugo adoptou o seguinte acordo:

3/3 EXECUCIÓN DA SENTENZA NÚMERO 89/2016, DO 18 DE FEBREIRO DE 2016, DITADA POLA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (ORDENANZA DO USO DO GALEGO NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos, entre outros os seguintes documentos:

1.- INFORME PROPOSTA ASINADO POLO XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA E POLO TRADUTOR DO CONCELLO.

2.- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, adoptado na sesión celebrada o día 8 de xaneiro de 2020, no que, en execución da referida sentenza, se aproba o proxecto de modificación da citada Ordenanza, e se acorda a súa elevación ao Excmo. Concello Pleno para os efectos da súa aprobación.

“3/3 EXECUCIÓN DA SENTENZA NÚMERO 89/2016, DO 18 DE FEBREIRO DE 2016, DITADA POLA SALA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (ORDENANZA DO USO DO GALEGO NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DE LUGO).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Tradutor Municipal, coa conformidade do Xefe da Asesoría Xurídica, do 18 de novembro de 2019 que, na súa parte expositiva, fai constar:

ANTECEDENTES

I. Ordenanza reguladora do uso do galego na Administración municipal, aprobada polo Excmo. Pleno do Concello de Lugo na sesión celebrada o tres de setembro de 2012 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 221, do 24 de setembro de 2012.

II. Recurso contencioso-administrativo interposto por ASOCIACIÓN GALICIA BILINGÜE contra o Acordo, do 3 de setembro do 2012, adoptado polo Pleno do Concello de Lugo.

III. Sentenza número 89/2016, do 18 de febreiro de 2016, ditada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto.

IV. Recurso de casación interposto pola representación do Excmo. Concello de Lugo contra a antedita sentenza.

V. Sentenza número 190/2019, do 19 de febreiro de 2019, ditada pola Sección Quinta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que establece no seu fallo o seguinte:

"Por todo lo expuesto, en nombre del Rey y por la autoridad que le confiere la Constitución, esta Sala ha decidido no haber lugar al recurso de casación interpuesto por la representación procesal del Excmo. Ayuntamiento de Lugo contra sentencia de fecha 18 de febrero de 2016, dictada en el procedimiento ordinario número 4710/13, por la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, Sección Segunda; con expresa imposición de las costas a dicho Ayuntamiento en los términos fijados en el fundamento de derecho decimotercero de la presente resolución."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. Unha vez firme a sentenza número 190/2019, do 19 de febreiro de 2019, ditada pola Sección Quinta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que falla: *...no haber lugar al recurso de casación interpuesto por la representación procesal del Excmo. Ayuntamiento de Lugo contra sentencia de fecha 18 de febrero de 2016, dictada en el procedimiento ordinario número 4710/13, por la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia...* que estima parcialmente o recurso interposto pola ASOCIACIÓN GALICIA BILINGÜE e anula determinados artigos da Ordenanza municipal reguladora do uso do galego na Administración municipal, procede executar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de acordo co establecido no seu fallo, que literalmente indica:

"Estimamos en parte el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Asociación Galicia Bilingüe contra el Acuerdo del Ayuntamiento de Lugo de 3-9-2012 por el que se aprobó la "Ordenanza de Uso do galego na Administración municipal de Lugo", y anulamos, por ser contrarios a derecho, los siguientes artículos y particulares:

El artículo 1, apartados 1 y 2.

Los términos "rogos e preguntas" y "A rotulación indicativa de oficinas e despachos" del artículo 3.2.a) y 5.

El artículo 4, apartados 2 y 3.

Los términos "formalmente", "Neste caso farase constar que é tradución do orixinal en galego" y "aqueles documentos que sexa necesario" del artículo 5.

El artículo 7.

Los términos "lingüístico" y "coa indicación expresa de que o texto é tradución do orixinal galego" contenidos en los apartados 2 y 3 del artículo 8.

El término "lingüístico" del artículo 9.

El artículo 10.

El término "lingüístico" del artículo 12.

El artículo 15.

Los términos "e da rede viaria municipal" del artículo 18.1.

El segundo párrafo del artículo 24.

El segundo párrafo del artículo 26.5.

En lo demás desestimamos el recurso. No se hace imposición de costas".

SEGUNDO. De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, o procedemento para a elaboración e aprobación e modificación de ordenanzas e regulamentos locais nos municipios de gran poboación, como é o caso de Lugo, efectuarase de conformidade coa seguinte tramitación:

- O procedemento iníciase de oficio ben por acordo da Corporación ou por resolución da Alcaldesa ou Concelleiro Delegado.
- Aprobación do proxecto de Ordenanza pola Xunta de Goberno Local.
- Aprobación da modificación da Ordenanza polo Pleno do Concello. Non requirirá neste caso o trámite de información pública e audiencia aos interesados nin aprobación definitiva ao tratarse dunha execución de sentenza firme.

- Publicación do texto definitivo da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local do Concello no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á execución da sentenza número 89/2016, do 18 de febreiro de 2016, ditada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e aprobar en consecuencia o proxecto de modificación da Ordenanza reguladora do uso do galego na Administración municipal de Lugo.

SEGUNDO.- Elevar ao Pleno o proxecto de modificación da Ordenanza para a súa aprobación.”

3.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 24 de xaneiro de 2010.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** proceder á execución da sentenza número 89/2016, do 18 de febreiro de 2016, ditada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, en consecuencia, aproba a modificación da Ordenanza reguladora do uso do galego na Administración municipal de Lugo que quedará redactada do seguinte xeito:

“ORDENANZA DE USO DO GALEGO NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DE LUGO

LIMIAR

A principal manifestación de identidade cultural dun pobo é a súa lingua. O galego, lingua propia de Galicia, é o máximo expoñente da nosa identidade como comunidade diferenciada. A lingua galega no decorrer da súa historia coñeceu períodos de “normalidade” -sendo lingua de uso común en todos os ámbitos- e de decadencia, quedando relegada á lingua oral. Coa instauración da democracia en España, danse as condicións propias para a normalización da lingua galega. A Constitución española do 78 proclama a vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, tradicións, linguas e institucións. O art. 3.2 establece que as linguas españolas distintas do castelán serán oficiais nas súas respectivas comunidades de acordo con cada Estatuto.

O art. 5 do Estatuto de autonomía galega (EAG) proclama a lingua galega como oficial de Galicia, na súa calidade de lingua propia desta terra, e desenvolve aínda máis este precepto ao encomendarlle aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial da lingua galega -xuntamente co castelán-, e potencien o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, engadindo: *disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento* (art. 5.3 do EAG)

A Lei de normalización lingüística desenvolve aínda máis este mandato estatutario. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei (art. 6.4), así como regula os dereitos da cidadanía en materia lingüística.

Ao abeiro do disposto naquel precepto legal, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais, que especifica as directrices a seguir verbo da incorporación do galego á vida pública.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia no seu artigo 7.1 determina: O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local. As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega.

O Parlamento de Galicia aprobou, o 22 de setembro de 2004, por unanimidade, o Plan de normalización lingüística que fixa como obxectivos xerais, entre outros, o de “garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións” e o de “conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos”.

O mesmo Plan de normalización contempla como obxectivos específicos para a Administración local o de “consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados” e o de “incluír a promoción do galego, no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen ao cidadán, tanto directamente como a través de empresas subcontratadas.”

En Galicia, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as corporacións locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperar o noso idioma para os usos administrativos. A lingua galega precisa o recoñecemento oficial previsto nas leis para que os complexos lingüísticos presentes na nosa sociedade desaparezan.

O papel que xoguen os concellos resulta de gran relevancia en calquera proxecto oficial que busque unha grande efectividade social, por seren institucións de enorme espallamento e as máis próximas á cidadanía.

Por considerarmos que as razóns expostas abundan para cambiar as actitudes lingüísticas, propónselle ao Pleno do Concello a aprobación da seguinte ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

ORDENANZA DE USO DO GALEGO NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DE LUGO

CAPÍTULO I: Do uso oficial do idioma galego

CAPÍTULO II: Ámbito de aplicación

CAPÍTULO III: Do uso do galego na organización municipal

CAPÍTULO IV: Das relacións cos administrados e administradas

CAPÍTULO V: Das relacións institucionais

CAPÍTULO VI: Dos anuncios, publicacións e actividades públicas

CAPÍTULO VII: Atención ao público

CAPÍTULO VIII: Topónimos, sinalizacións e rotulación

CAPÍTULO IX: Da selección, provisión, formación e reciclaxe do persoal

CAPÍTULO X: Do cumprimento e seguimento da ordenanza

CAPÍTULO XI: Do impulso institucional

CAPÍTULO I

Do uso oficial do idioma galego

Artigo 1

1. De conformidade co punto 1 do artigo 4 da Lei de normalización lingüística, o galego é lingua oficial da Administración local e, xa que logo, do Concello de Lugo. Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado.
2. A cidadanía ten dereito a ser atendida e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.
3. Tal e como se recolle no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado pola unanimidade do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, un dos obxectivos das corporacións locais debe ser o de consolidar o seu papel normalizador por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación coas súas administradas e cos seus administrados.

CAPÍTULO II

Ámbito de aplicación

Artigo 2

1. O uso da lingua galega por parte do Excmo. Concello de Lugo e dos organismos que del dependan - padroados, organismos autónomos, sociedades autónomas municipais, etc.- rexerase polos criterios establecidos nesta ordenanza.
2. As empresas adxudicatarias ou concesionarias deste Concello, así como as de explotación mixta, farán o propio nas súas relacións con el, e así se fará constar explicitamente tanto nos pregos de condicións ou contratacións, coma nos documentos que sexan asinados para os efectos.
3. O Excmo. Concello de Lugo velará para que, tanto a nivel interno coma nas actividades nas que participe - convenios, consorcios, etc.-, sexan aplicados os criterios normalizadores establecidos nesta ordenanza.
4. O Excmo. Concello de Lugo manterá un Gabinete de Normalización Lingüística (GNL) co obxectivo de impulsar a normalización lingüística a todos os niveis e coordinar as accións necesarias para dar cumprimento ao espírito desta ordenanza.

Igualmente, todos os organismos anteriormente citados han de se axustar aos criterios de uso lingüístico que difunda o devandito gabinete, de acordo coa lexislación e coas orientacións vixentes ao respecto.

CAPÍTULO III

Do uso do galego na organización municipal

Artigo 3

1. O Concello de Lugo empregará o galego nas súas actuacións administrativas internas, así como nas relacións coa cidadanía e coas entidades públicas situadas en Galicia.

2. Será redactada integramente en lingua galega, en cumprimento da lexislación vixente, a seguinte documentación:

- a) As convocatorias das sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Lugo, tanto necesarias coma complementarias, así como as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e as actas dos citados órganos municipais.
- b) As resolucións de todos os órganos unipersoais.
- c) Toda a documentación xerada polo Concello que forme parte dos expedientes administrativos que teñan que someterse á decisión ou coñecemento de calquera dos anteditos órganos.
- d) As actas e acordos de todos os órganos dos consellos e entidades con personalidade xurídica dependentes deste Concello.
- e) As notificacións, recursos, escrituras públicas e, en xeral, todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome do Concello de Lugo.

3. Todos os modelos de documentación utilizados na Administración municipal de Lugo serán elaborados en galego e, verbo disto, nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa deberase ter presente o establecido neste artigo e no artigo 6.

4. As aplicacións e programas informáticos adaptaranse de xeito paulatino para o seu funcionamento en lingua galega.

5. As cabeceiras de toda clase de impresos, selos e outros elementos semellantes han de estar escritos en galego.

Artigo 4

Os documentos públicos ou contractuais subscritos polo Concello redactaranse en galego.

Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio deba producir efecto fóra do territorio da Comunidade Autónoma Galega, tamén será redactado en castelán.

No caso de que o Concello de Lugo concorra xunto con outros outorgantes, o documento redactarase na lingua que se acorde e, se acaso, o Concello solicitará unha copia en galego para incorporala ao expediente, na que se faga constar que é tradución do seu orixinal.

CAPÍTULO IV

Das relacións coas administradas e cos administrados

Artigo 5

1. Todos os expedientes administrativos do Concello de Lugo serán tramitados en lingua galega.

2. Cando a persoa interesada o solicite, entregaráselle a documentación que lle afecte en castelán, sen que se interrompa, en ningún caso, a tramitación do expediente en galego.

3. As comunicacións, notificacións e requirimentos dirixidos a persoas físicas e xurídicas no ámbito de Galicia faranse en lingua galega, sen prexuízo do dereito da cidadanía a recibilas, se o demandan, en castelán.

4. Os expedientes que vaian ter algún ou todos os efectos fóra do territorio da Comunidade Autónoma Galega tramitaranse tamén en galego, e expediranse copias en castelán ou utilizando o sistema de documento bilingüe máis axeitado tecnicamente.

Artigo 6

Os impresos do Concello de Lugo ofreceranse co texto en galego, e haberá a disposición de quen o solicite unha versión en castelán, todo isto sen prexuízo do dereito das persoas particulares a cubrilos no idioma da súa elección, segundo o espírito da Lei de normalización lingüística.

Artigo 7

O Concello fomentará o uso da lingua galega nas comunicacións administrativas orais, coa salvidade de que calquera administrado solicite, explícita ou implicitamente, ser atendido en castelán.

CAPÍTULO V

Das relacións institucionais

Artigo 8

1. A documentación que o Concello dirixa a calquera das administracións públicas sitas no territorio galego redactarase sempre en lingua galega.
2. As comunicacións do Concello dirixidas á Administración civil ou militar do Estado e á Xustiza faranse en bilingüe, polo sistema máis axeitado, cando esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionen vaian producir efectos fóra do ámbito galego.
3. Expedirase unha copia en castelán ou utilizarse o oportuno sistema de documento bilingüe dos documentos do Concello, ou das copias destes, redactadas en galego que teñan que dirixirse ou ser enviadas ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego.
4. O Concello utilizará o idioma galego nas súas relacións cos órganos xurisdiccionais radicados en Galicia, e instruírá o seu persoal letrado e procurador para que realicen en galego as actuacións procesuais orais e escritas que leven a cabo ante estes órganos de conformidade coas normas reguladoras do poder xudicial.

CAPÍTULO VI

Dos anuncios, publicacións e actividades públicas

Artigo 9

Os cargos públicos e institucionais do Concello de Lugo promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa cidadanía, de conformidade co establecido no punto 3 do artigo 6 da Lei de normalización lingüística.

Artigo 10

Os anuncios oficiais que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia ou en calquera outro medio de comunicación radicado no territorio da nosa comunidade autónoma serán redactados en galego. Fóra do ámbito galego, a publicación farase en castelán, con independencia de que o documento que quede no expediente sexa redactado en galego.

Artigo 11

Os libros, as revistas e, en xeral, todos os carteis, folletos, publicacións, etc., que edite o Concello de Lugo - teñan ou non carácter periódico-, así como tamén as mensaxes ou campañas que se emitan a través dos diferentes medios de comunicación, tanto escritos como audiovisuais, faranse sempre en galego, agás aqueles destinados especificamente á promoción exterior, que se poderán facer, ademais, nas linguas das persoas destinatarias.

Artigo 12

Fóra do ámbito galego, a publicidade farase sempre en versión dobre: galego e na lingua do territorio que corresponda.

Artigo 13

Todos os textos que vaian ser publicados ou editados polo Concello terán que ser remitidos previamente ao Gabinete de Normalización Lingüística para a súa revisión; este solicitará unha proba de imprenta.

Así mesmo, remitiranse, previamente á súa impresión, os modelos dos impresos que vaian ser facilitados polo Concello ás persoas particulares.

Artigo 14

Sen prexuízo do que para os rexistros establece o artigo 9 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, nos rexistros administrativos das oficinas do Excmo. Concello de Lugo os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

CAPÍTULO VII

Atención ao público

Artigo 15

A Oficina de Información e Participación Cidadá así como as demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa promoverán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación e información á cidadanía, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación. Nestas dependencias velarase especialmente polas competencias lingüísticas orais do persoal que se vaia adscribir a elas.

O disposto neste artigo tamén lles é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou calquera outro tipo de concerto.

CAPÍTULO VIII

Topónimos, sinalizacións e rotulación

Artigo 16

De conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do concello de Lugo é a galega.

Artigo 17

1. Os rótulos e sinalizacións do Concello, dos seus edificios administrativos e servizos públicos dependentes do Concello ou ben instalados polas súas empresas adxudicatarias ou concesionarias ou por calquera outra entidade, configúranse en idioma galego.
2. Todos os vehículos rotulados do Concello (Parque Móbil municipal, Policía municipal, Protección Civil e Bombeiros) levarán a súa rotulación en galego. Isto mesmo será de aplicación ao parque móbil daquelas empresas adxudicatarias ou concesionarias, e así se establecerá nos correspondentes pregos de condicións.
3. O establecido no parágrafo anterior tamén será de aplicación a todo o vestiario municipal.

Artigo 18

O Excmo. Concello de Lugo velará pola normalización de toda a súa sinalización e rotulación, e adoptará as medidas necesarias, dentro do ámbito da súa competencia, para garantir o uso da toponimia oficial galega en todos os ámbitos.

CAPÍTULO IX

Da selección, provisión e formación do persoal

A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo do Concello estea en condicións de empregalo nos dous niveis -oral e escrito- en igualdade co castelán e, de acordo coa natureza do seu obxectivo, establécese o seguinte:

Artigo 19

1. Nas convocatorias para o acceso a prazas de persoal do Concello, xa sexan de persoal funcionario, laboral ou de calquera outro tipo, deberá figurar que as persoas aspirantes terán a obriga de acreditar o coñecemento da lingua galega conforme á función que se vaia desempeñar.
2. Nas bases das convocatorias, o Concello establecerá o nivel de galego que deberá de acreditar o persoal aspirante. Para o establecemento do perfil lingüístico que corresponda a cada praza, requirirase o asesoramento do GNL.

Artigo 20

1. Na provisión dos postos de traballo, as persoas candidatas han de posuír un grao de coñecemento da lingua galega -tanto na expresión oral coma na escrita, de ser o caso- que se corresponda coas funcións que vaian desenvolver no posto de traballo que se vai cubrir, segundo sexa persoal técnico, administrativo ou de oficios.
2. O Concello, á hora de definir os postos de traballo, establecerá os niveis e contidos respectivos de coñecemento oral e escrito da lingua galega para cada caso, e considerárase como mérito un coñecemento superior ao que corresponda ao posto de traballo que se pretende cubrir.
3. O persoal do Concello que actualmente non estea capacitado para o uso do galego de acordo co disposto nesta ordenanza deberá adquirir tal coñecemento. Para estes efectos, o Concello de Lugo, de acordo co que establece o artigo 23, desenvolverá un programa de formación lingüística para o persoal municipal, que será deseñado e desenvolvido dende o Gabinete de Normalización Lingüística, conforme coas necesidades detectadas.

Artigo 21

O persoal do Gabinete de Normalización Lingüística con titulación suficiente formará parte dos tribunais cualificadores -como membro destes ou como persoal asesor- para avaliar os coñecementos do idioma galego na selección de persoal e na provisión dos postos de traballo, e colaborará, así mesmo, na confección e corrección das correspondentes probas.

Artigo 22

Será obrigatorio para todo o persoal do Concello existente adquirir o nivel de coñecemento establecido nas bases para a provisión de persoal, de acordo cos criterios e termos que se fixen á hora de establecer o perfil lingüístico específico para cada praza. As persoas responsables dos diferentes órganos do Concello, asesoradas polo GNL, procurarán as medidas necesarias para que o persoal dos seus servizos estea debidamente formado dende o punto de vista lingüístico, a fin de garantir un desenvolvemento correcto das tarefas internas ou dirixidas á cidadanía.

O persoal ao servizo da Corporación deberá utilizar o galego no seu traballo, de acordo co disposto nesta ordenanza.

Artigo 23

O Excmo. Concello de Lugo, a través do Gabinete de Normalización Lingüística, organizará cursos específicos para todo o persoal traballador que non teña os coñecementos necesarios para exercer as súas funcións e mellorar o seu nivel de linguaxe administrativa, tanto dende o punto de vista lingüístico coma estilístico.

CAPÍTULO X

Do cumprimento e seguimento da ordenanza

Artigo 24

1. Para garantir o cumprimento desta ordenanza, crearase unha comisión de seguimento integrada, cando menos, polo/a alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue, o/a concelleiro/a responsable do Gabinete de Normalización Lingüística, o/a secretario/a, o/a concelleiro/a responsable de persoal, a persoa responsable do Gabinete de Normalización Lingüística, un/unha representante por cada grupo político que forme parte da Corporación municipal, un representante da Xunta de Persoal e outro do Comité de Empresa.

2. Esta comisión de seguimento reunirse, cando menos, dúas veces ao ano para analizar o cumprimento e desenvolvemento desta ordenanza, e, extraordinariamente, cando a convoque o/a alcalde/sa. O/a alcalde/sa poderá convocar de xeito extraordinario a petición de, cando menos, dous membros da comisión.

3. A actualización, ampliación ou revisión da ordenanza tamén depende desta comisión, a cal fará o estudo e levará a proposta correspondente ao Pleno do Concello, para que, se procede, aprobe a modificación.

4. Tamén é competencia da Comisión de Seguimento promover, chegado o caso, as medidas que se consideren oportunas para o cumprimento da Ordenanza.

CAPÍTULO XI

Do impulso institucional

Artigo 25

1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, o Excmo. Concello de Lugo fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.

2. Das tarefas que se realicen para impulsar institucionalmente o proceso normalizador no municipio de Lugo, ocuparase o Gabinete de Normalización Lingüística, que asesorará á Excma. Corporación municipal nesta materia.

3. Así mesmo, todos os organismos do Excmo. Concello de Lugo impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación, co soporte técnico do Gabinete de Normalización Lingüística.

4. O Excmo. Concello de Lugo poderá outorgar reducións ou bonificacións de obrigas fiscais e/ou subvencións, para as actuacións relacionadas coa normalización lingüística, conforme ao establecido no artigo 25 da citada Lei 3/1983, do 15 de xuño.

5. Para a concesión de subvencións municipais (de deportes, culturais, xuvenís e de calquera outro tipo), valorarase que as actividades realizadas contribúan a normalizar o uso da lingua galega.

Disposicións adicionais

1. O disposto nesta ordenanza será tamén de obrigado cumprimento para todas aquelas entidades privadas que manteñan algunha relación contractual co Concello, como convenios e subvencións, entre outras.

2. O Concello de Lugo defenderá o dereito da súa cidadanía a usar en todos os ámbitos o idioma galego. Para estes efectos poderá recibir, tramitar e apoiar queixas e iniciativas para asegurar a plena normalización da lingua galega.

Disposición final

Para favorecer a participación social no impulso e dinamización do uso do galego, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta ordenanza, crearase o Consello Social da Lingua, no que estarán representados as organizacións e colectivos implicados no proceso de normalización da lingua galega e no que se definirán obxectivos, liñas de actuación e accións concretas."

E para que así conste expido esta certificación en Lugo, co visto e prace da Excma. Alcaldesa dona Lara Méndez López.

Lugo, 17 de marzo de 2022.- O Secretario, José del Barrio Berbel, Alcaldesa dona Lara Méndez López.